



Concello de Gondomar

BASES DO CERTAME DE RONDALLAS DE REIS NO CONCELLO DE GONDOMAR 2026

O Concello de Gondomar celebra cada 6 de xaneiro o seu tradicional “Certame de Rondallas de Reis”, que este ano chega á súa edición número XLIII. Con máis de corenta anos de historia, este evento é un referente do Nadal no sur da provincia de Pontevedra, ademais de ser o certame máis antigo e con maior peso cultural.

Cunha afluencia de público superior ás 3.000 persoas, conta coa participación de máis de dezasete rondallas, chegadas tanto do propio Concello de Gondomar como dos concellos limítrofes de Nigrán, Baiona, Tui, O Porriño, Mos, Vigo e Redondela, que cada ano elixen Gondomar para mostrar o seu repertorio, o cal se vai adaptando aos tempos, así como ás súas novidosas vestimentas.

Coas pandeiretas e castañolas engalanadas con cintas de cores, gaitas, percusión, cristo ou botella de anís, agardan cada 6 de xaneiro para despedir o Nadal poñendo a nosa cultura tradicional no máis alto.

O Certame de Rondallas de Reis contará cun pasarrúas, concerto e saúdo entre os abandeirados, así como coa distinción do “Rondalleiro/a Maior”, recoñecemento que pon en valor a traxectoria e dedicación das persoas que manteñen viva esta tradición.

OBJECTO

Estas bases teñen por obxecto regular o proceso de organización e realización do Certame de Rondallas de Reis do Concello de Gondomar, garantindo a igualdade de trato entre todas as persoas participantes, que deberán aceptalas ntegramente no momento de presentar a solicitude de participación.

LUGAR E DATA DA CELEBRACIÓN

O Certame de Rondallas de Reis celébrase cada 6 de xaneiro a partir das 10:15 horas, agás indicación expresa por parte desta Alcaldía.

O punto de inicio do pasarrúas será na rúa Eduardo Iglesias, na ubicación exacta que determine a organización. As rondallas percorreren esa rúa ata acceder á Praza Paradela pola rúa peonil Ángel Urzaiz, onde, diante da Casa do Concello, ofrecerán o seu concerto.

Despois do saúdo entre abandeirados, realizado diante do palco de autoridades, cada rondalla abandonará a Praza Paradela pola rúa Avenida do Conde.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Neste *Certame de Rondallas de Reis* poderán participar todas aquelas agrupacións rondalleiras que contén cun mínimo de 40 compoñentes.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Para a inscrición no XLIII Certame de Rondallas de Reis será necesario presentar, mediante a instancia xeral da sede electrónica do Concello de Gondomar, a seguinte documentación:

- ANEXO I, debidamente cumprimentado, que se achega con estas bases.
- Certificado de conta bancaria
- Copia do CIF/NIF da rondalla participante ou da asociación á que pertenza.
- Repertorio que van interpretar así como a información da Rondalla para a presentación o día do certame.

O prazo de inscrición será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases.

REMUNERACIÓN E AGASALLOS

O Concello de Gondomar destina para este certame un total de 15.000 €. Esta contía será repartida entre todas as rondallas participantes, distribuíndose o importe total a partes iguais. Ademais, cada rondalla participante recibirá un agasallo en edición especial do Certame de Rondallas de Reis do Concello de Gondomar.

ORGANIGRAMA DO DESFILE, ORDE DE SAÍDA E DURACIÓN

O desfile estará composto por pasarrúas, saúdo entre abandeirados e autoridades e concerto, cun tempo total de 20 minutos:

- **15 minutos** para o concerto.
- **5 minutos** para o saúdo e saída.

Agás a primeira rondalla, que disporá dun tempo máximo de 25 minutos.

Cada rondalla está obrigada a saúdar á rondalla saínte e entrante (de ser o caso), leven ou non abandeirados. A rondalla que entra realizará o seu pasarrúas ata a farmacia, mentres que a rondalla que se atopa na Praza Paradela tocará para o saúdo entre abandeirados.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

O pasarrúas comezará na Rúa Eduardo Iglesias (á altura da Panadería Xuntos). A partir da segunda rondalla, desde ese punto tocará ata a intersección da Rúa Eduardo Iglesias con Elduayen (no cruce da farmacia), onde parará de tocar e camiñará ata a intersección da rúa peonil Manuel Alonso con Ángel Urzaiz (diante de Abanca/Óptica). Acto seguido, a rondalla que se atopa na Praza Paradela realizará o saúdo coa rondalla entrante. O tempo máximo para o saúdo será de 5 minutos. Finalizado este, a rondalla saínte abandonará a Praza Paradela pola rúa Avenida do Conde (cara ao Medusa). Unha vez que saia esa rondalla, a entrante comezará a tocar e realizará o seu concerto na Praza Paradela, cun tempo máximo de 15 minutos.

O tempo de saúdo nunca poderá exceder os 5 minutos e descontarase sempre do tempo da rondalla que está tocando na Praza Paradela. O saúdo entre abandeirados deberá ser conxunto e saúdando só ás bandeiras principais.

A orde de saída das rondallas inscristas determinarase mediante sorteo, que se realizará na reunión organizativa, á que deberá asistir un representante de cada agrupación. Tras efectuarse o sorteo, comunicarase ás rondallas participantes. Cada rondalla poderá intercambiar a orde de saída, sempre que notifique o cambio ao Concello por escrito antes do 20 de decembro

As rondallas de Vincios e Chaín non entrarán no sorteo; a hora de saída destas rondallas establecerase previamente en acordo coa administración.

Despois do saúdo entre as rondallas de Gondomar, ás 12:00 horas realizarase o recoñecemento ao Rondalleiro Maior, cun tempo aproximado de 30 minutos.

OBRIGAS DAS RONDALLAS PARTICIPANTES

- Todas as rondallas deberán cumprir co tempo total establecido de 20 minutos, incluso se non contan con abandeirados.
- O tempo total asignado a cada rondalla non poderá ser excedido en ningún momento.
- As rondallas participantes deberán presentarse no punto de saída 15 minutos antes do inicio da súa actuación.
- As rondallas que non se atopen no punto de saída no momento de comezar a actuación non poderán actuar en outra posición, quedando fóra do certame.
- As rondallas de Vincios e Chaín deberán actuar seguindo a orde establecida, realizando o saúdo entre abandeirados sen poder alterala.
- O saúdo ás autoridades presentes no palco presidencial é de obrigado cumprimento. Este será realizado polos abandeirados, o/a capitán/a e o/a director/a, quen se achegarán ás autoridades para saúdalas individualmente, recibir o agasallo e, a continuación, realizar a fotografía conmemorativa.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

- O repertorio musical utilizado polas rondallas deberá respetar os valores sociais, non admitíndose pezas que contiñan contidos racistas, xenófobos ou de calquera tipo de intolerancia social ou incitación ao odio.
- Está totalmente prohibido calquera comportamento irrespetuoso, tanto entre as rondallas participantes como cara ao público, ao persoal do Concello presente no evento ou ás autoridades.
- Non se permitirán paradas ao longo do percorrido do desfile, agás as paradas técnicas necesarias, que deberán ser previa e obrigatoriamente notificadas ao persoal da organización.
- As rondallas deberán acudir coa indumentaria propia da agrupación. Non se permitirá a participación con roupa particular.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Queda terminantemente prohibida a petición de donativos ao público durante a celebración do Certame de Rondallas de Reis.
- En caso de choiva, o Concello buscará unha nova data de celebración, garantindo que o evento se realice nos exteriores.
- Os autobuses que trasladen aos rondalleiros/as deberán deixalos nunha zona habilitada na circunvalación, próxima ao cuartel da Garda Civil. O autobús poderá permanecer nesta zona só o tempo necesario para descargar os instrumentos e baixar aos rondalleiros/as. Unha vez vacío, deberá dirixirse á estación de autobuses.
- Os rondalleiros/as cruzarán polo paso de peóns e accederán camiñando a escasos metros á Rúa Eduardo Iglesias, onde se atopa o punto de formación e saída das rondallas.
- O punto de recollida dos rondalleiros/as poderá realizarse na estación de autobuses.
- En todo momento, haberá persoal do Concello velando pola seguridade e bo funcionamento do evento, e pídese aos participantes que sigan minuciosamente as súas indicacións.
- Na Praza Paradela, haberá habilitado un cronómetro, xunto con persoal do Concello, para garantir que se respecten os horarios establecidos.
- Ao realizar a inscrición mediante instancia xeral co Anexo I, non será necesario emitir factura.
- O importe a percibir por cada rondalla poderá ser rebaixado en caso de incumprimento dalgún punto destas bases. Calquera infracción conlevará unha sanción de 100 €, a descontar do importe total, e poderá supoñer a suspensión da participación no ano seguinte.
- A participación no Certame de Rondallas de Reis implica a aceptación íntegra destas bases.

